

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS AO FOMENTO DA NATALIDADE E ASENTAMENTO POBOACIONAL DO CONCELLO DE VIMIANZO PARA A ANUALIDADE 2024

1. OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto establecer as bases reguladoras polo que se rexerá o establecemento de axudas económicas ás familias do Concello de Vimianzo, co obxecto de impulsar estratexias para fixar e fomentar o aumento da poboación municipal e o seu rexuvenecemento, evitando así o despoboamento do rural.

2. NATUREZA XURÍDICA

A axuda que se concede terá carácter de subvención e rexeranse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

3. TIPO DE AXUDA E CONTÍA

As axudas serán de 300 euros por cada fillo/a nado/a, adoptado/a, ou acollido/a, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.

4. APLICACIÓN ORZAMENTARIA E CONTÍA TOTAL DA MESMA

A concesión destas axudas financeiras faranse con cargo á aplicación orzamentaria 231. 48104 do orzamento do Concello de Vimianzo para o exercicio 2024, polo importe máximo de 7.200 €.

No suposto de que unha vez efectuada a concesión das solicitudes se supere o límite máximo da subvención (7.200€), estudarase a posibilidade de incrementar o crédito ou, de existir dispoñible na bolsa de vinculación xurídica, utilizarase ese.

Tamén se incluírían nesta partida orzamentaria a contía das solicitudes pendentes de resolución do exercicio anterior.

5. PERSOAS BENEFICIARIAS

Terán a condición de persoa beneficiaria, á data da solicitude da axuda:

1. Persoas beneficiarias conxuntas, serán os proxenitores, adoptantes ou acolletores, titulares do libro de familia ou documento substitutorio, no que figure rexistralmente o nacemento, adopción ou acollemento do menor.
2. No caso de que no libro de familia figure un só proxenitor/a ou adóptante, será este a única persoa beneficiaria.
3. Terá a consideración de persoa beneficiaria un só proxenitor ou adóptante que conviva co menor que motiva a axuda, nos casos de nulidade, separación ou divorcio.
4. No caso de custodia compartida, só poderá ser persoa beneficiaria dun dos proxenitores ou adoptante.
5. No caso de acollemento familiar, serán persoas beneficiarias as que consten na resolución de acollemento.

En ningún caso poderán ser persoas beneficiarias os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos e fillas ou o se a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

As persoas beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Os pais/nais, titores ou acolletores, ou polo menos un dos proxenitores, así como o menor nado, adoptado ou acollido, deberán estar empadroados no momento da solicitude no Concello de Vimianzo.

2. Os menores nados, adoptados ou acollidos, deberán inscribirse no padrón de habitantes do Concello de Vimianzo.

3. A persoa solicitante da axuda deberá comprometerse a seguir empadroado no concello, tanto el como os menores obxecto da axuda, por un período de 2 anos dende a inscrición do menor no padrón municipal. O empadramento suporá a residencia efectiva no termo municipal de Vimianzo, segundo o recollido no artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo Concello de Vimianzo solicitando os informes oportunos.

4. Que o/a menor conviva coa persoa solicitante.

5. Estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, Administración Tributaria Estatal, da Comunidade Autónoma e Local.

6. SOLICITUDES, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

1. As solicitudes formularanse mediante instancia subscrita pola persoa interesada (pai/nai/titor/a legal) segundo o modelo específico para iso. A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan nela ante os organismos ou entidades correspondentes.

Ademais, cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) DNI, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar maiores de idade.
- 2) Libro de familia ou documentación substitutiva.
- 3) En supostos de adopción ou acollemento, ou tutoría legal do menor, documentación acreditativa.
- 4) Certificado IBAN bancario, do pai/nai ou titor/a do menor para o que se solicita a axuda.
- 5) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio e do convenio regulador, de ser o caso.
- 6) Declaración responsable de non estar incurso en suposto de prohibición para ser persoa beneficiaria da axuda.
- 7) Declaración responsable de non ter obrigas pendentes de pagamento coas administracións con potestade tributaria e coa Seguridade Social.
- 8) Calquera outro documento que o órgano tramitador considere necesario co fin de poder facer unha correcta avaliación do expediente.

2. **As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vimianzo**, e na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común da Administracións Públicas, **dentro do prazo de 2 meses contados dende o día de nacemento, adopción ou acollemento do neno ou nena**, podendo consultarse as bases completas na plataforma de Bases de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) e na web municipal (www.vimianzo.gal).

7. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES.

Corresponderá ao departamento de servizos sociais (órgano instrutor), a instrución dos expedientes, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 da Lei 39/2015), coa advertencia de que, de non facelo así, terásele por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, e notificado ao interesado.

A técnica/o responsable realizará, logo da valoración das solicitudes presentadas, un informe proposta que expresará o cumprimento dos requisitos e expresará a relación das persoas beneficiarias, para os que se propón a concesión ou denegación da axudas, causas de denegación, así como o importe da axuda.

O órgano competente para resolver a concesión será a a Alcaldesa da Corporación por remisión legal, que ten delegada o exercicio desta competencia na XGL nos termos previstos regulamentariamente. Esta, a proposta do órgano instructor, segundo o procedemento establecido na Lei 38/2013, xeral de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello, acordará a aprobación ou denegación, previo informe de fiscalización da Intervención municipal.

O prazo máximo para resolver será de nove meses contados a partir da data de solicitude, agás que sexa necesario requirir datos ás persoas solicitantes, e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015.

O silencio administrativo terá carácter desestimatorio.

En todo caso, a achega concederáse en función do crédito dispoñible da contía máxima establecida para a convocatoria. Por este motivo, non será suficiente para percibir a prestación con que o/a solicitante reúna os requisitos esixidos, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente.

8. PUBLICIDADE.

A relación das subvencións concedidas publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello de Vimianzo, así como na páxina web oficial do Concello de Vimianzo, <http://www.vimianzo.gal>, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiarios e contías percibidas e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

9. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria a nome da persoa solicitante, tras a súa xustificación por medio da presentación das facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil, por unha cantidade, cando menos, igual ao importe da axuda concedida, así como copia da receita médica, se é o caso. **O prazo para presentar a xustificación da realización do gasto será de 2 meses a partir da recepción da notificación de concesión.** En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais da Área de Benestar Social, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material para o que se solicita a axuda.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que, por razón de necesidade, precariedade ou urxencia, se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social ou da educadora familiar do Concello, co visto e prace da concelleira de Benestar Social.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase ao beneficiario de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito a subvención outorgada.

10. INCOMPATIBILIDADE

Esta axuda será incompatible coas concedidas noutros concellos que teñan o mesmo fin público.

Se ben, a percepción desta axuda será compatible con calquera outra axuda concedida polo Estado, ou pola Comunidade Autónoma de Galicia. O importe das subvencións recibidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas destas administracións, supere o custo dos gastos xustificadas.

11. INCUMPRIMENTOS DAS OBRIGAS POR PARTE DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

Se as persoas beneficiarias das axudas non cumprisen coas obrigas establecidas no punto segundo destas bases, terían que reintegrar a subvención percibida, ao igual que terían que reintegrar a subvención no suposto que se producisen modificacións na súa situación durante o período de solicitude de axudas que determinasen que non cumpren os requisitos para ser beneficiarias de subvencións.

No suposto de que a xustificación do gasto realizado fose inferior á cantidade da subvención, o importe da axuda será o do gasto xustificado.

12. NORMATIVA SUPLETORIA

En todo o non disposto nestas bases seralle de aplicación á convocatoria e ás subvencións que se conceden ao seu abeiro, o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, os seus regulamentos de desenvolvemento no que sexa de aplicación á Administración local, así como a lexislación aplicable en materia de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo.

O que asino en Vimianzo, na data indicada á marxe

A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado dixitalmente á marxe)